
LENTE CONVERXENTES

OBXECTIVOS

- Observar a formación de imaxes nunha pantalla utilizando unha lente converxente.
- Observar a variación do tamaño da imaxe dependendo da distancia que hai entre o obxecto e a lente.
- Diferenciar unha imaxe real dunha virtual.
- Calcular a distancia focal e a potencia dunha lente converxente, biconvexa, delgada.
- Calcular a altura do obxecto.

FUNDAMENTO TEÓRICO

Empregamos unha gran variedade de telescopios para axudarnos a observar o Universo. Os telescopios foron modificándose ao longo dos anos pero, en esencia, usan espellos e lentes para dobrar, ampliar e enfocar a luz. Unha lente converxente emprégase nun telescopio de refracción, como o empregado por Galileo Galilei, para centrar a imaxe.

Unha lente é un bloque transparente que fai que a luz se refracte, cambiando a dirección de propagación da mesma.

Aplicando a consideración de raios paraxiais, a distancia focal pode determinarse a partir das seguintes leis¹:

- Fórmula de Gauss: $\frac{1}{s'} - \frac{1}{s} = \frac{1}{f'} = P$

- Aumento lateral: $\beta = \frac{y'}{y} = \frac{s'}{s}$

PROCEDEMENTO


Para a realización da práctica precisaremos do seguinte **material**²:

- Banco óptico con soporte para os distintos elementos
- Foco luminoso (A) coa súa fonte de alimentación
- Lente converxente (B) que permite obter luz de raios paralelos
- Obxecto (C)
- Lente converxente obxecto de estudo (D)
- Pantalla (E)
- Cinta métrica
- Papel milimetrado
- Cinta adhesiva

A **montaxe** indicase no esquema da figura adxunta.

¹Fórmulas válidas co criterio de signos DIN

²No caso de non dispoñer do material apropiado, podería realizarse unha simulación virtual en http://phet.colorado.edu/sims/geometric-optics/geometric-optics_es.html



Deberase ter en conta que:

- Todos os elementos deben estar aliñados e colocados perpendicularmente ao eixo óptico.
- A lente B sitúase a unha distancia do foco (AB) igual á súa distancia focal, para obter luz de raios paralelos.
- Será preciso recortar papel milimetrado do tamaño da pantalla e adherilo a ela.
- Os elementos A, B e C permanecen fixos.
- Para variar s desprázase a lente D.
- Para obter a imaxe, desprázase a pantalla manténdoa perpendicular aos raios luminosos até obter nela unha imaxe nítida do obxecto.
- Co papel milimetrado mídese a altura do obxecto e as alturas das imaxes na pantalla.

Obtención e tratamento de datos:

Altura do obxecto: $y = \dots$ m

Nº experiencias	1	2	3	4	5
s_i (m)					
s'_i (m)					
y'_i (m)					

A partir dos datos obtidos procederase ao seu tratamento para a determinación da potencia da lente e de f' .


DETERMINACIÓN DE P E f' ANALITICAMENTE

Nº experiencia	1	2	3	4	5	Valores medios
$f'_i = \frac{s_i s'_i}{s_i - s'_i} (m)$						$\bar{f}' =$
$P_i = \frac{1}{f'_i} (dioptría)$						$\bar{P} =$
$y_i = \frac{y'_i s_i}{s'_i} (m)$						$\bar{y} =$

DETERMINACIÓN DE P E f' GRAFICAMENTE

Nº experiencia	1	2	3	4	5
$X_i = \frac{1}{s_i} (m^{-1})$					
$Y_i = \frac{1}{s'_i} (m^{-1})$					

Determinación da potencia dunha lente converxente



En papel milimetrado, represéntase no eixo de abscisas $\frac{1}{s_i}$, e no de ordenadas, $\frac{1}{s'_i}$.

Obtense unha recta. A recta de mellor axuste ten que pasar pola media mostral, é dicir, polo punto $(\frac{1}{s_i}, \frac{1}{s'_i})$.

A ordenada na orixe é a potencia (P). A inversa da potencia é a distancia focal (f').

CUESTIÓNS

- Comparar os valores obtidos para a distancia focal e a potencia cos valores dados polo equipo de óptica. Enumerar as posibles fontes de discrepancia.
- Comparar o valor obtido para a altura do obxecto co valor medido directamente. Enumerar as posibles fontes de discrepancia.
- Indicar as características da imaxe cando o obxecto está situado a: $s > 2f$, $s = 2f$, $2f > s > f$; realizando os diagramas de raios.
- Ao situar o obxecto a $s = f$, obsérvase imaxe na pantalla? Debuxar o diagrama de raios.
- Ao situar o obxecto a $s < f$, obsérvase imaxe na pantalla? Como actúa a lente neste caso? Debuxar o diagrama de raios e indicar as características da imaxe.
- Se se mantén fixa a distancia entre obxecto e pantalla (Ex: $8,0 \cdot 10^{-1} \text{ m}$) e se despraza a lente, en cantas posicións se obtén imaxe na pantalla? Despois de comprobalo experimentalmente, pódese calcular facendo uso da distancia focal obtida.
- Facer unha estimación das incertezas de y , P e f' a partir dos resultados obtidos polo método analítico.